


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CORO



ÍNDICE

1) Introducción

2) Metodoloxía

3) Atención á diversidade

4) Temas Transversais

4.1 Educación en Valores

4.2 TIC

5) Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

6) Secuenciación

6.1 Obxectivos

6.2 Contidos

7) Avaliación

7.1 Criterios de avaliación

7.2 Mínimos esixibles

7.3 Procedementos de avaliación

7.4 Criterios de cualificación

7.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

7.6 Medidas de recuperación

8) Recursos Didácticos

9) Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

10) Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

11) Probas de acceso a Grao Profesional

12) Criterios para a obtención dos premios fin de grao

1. INTRODUCCIÓN

- Xustificación

Durante todo o proceso educativo dos estudos musicais, a aprendizaxe dun instrumento faise, loxicamente dentro dun marco de absoluta individualidade. Por iso resulta necesaria, á vez que estimulante, a presenza no currículo de disciplinas que transcendan este compoñente unipersoal da práctica musical e introduzan un elemento colectivo que permita desenvolver capacidades de relación social, necesarias para afondar noutros aspectos da interpretación musical. Estes aspectos, á vez, constituirán unha axuda indiscutible para o desenvolvemento do propio instrumentista, como músico.

Esta materia busca dar a oportunidade de desenvolver certas destrezas da interpretación musical en grandes formacións, superiores en número ás formacións de Música de Cámara e Conxunto, aos intérpretes de instrumentos que tradicionalmente non se inclúen no repertorio composto para orquestra ou banda (guitarra, piano ou canto).

O coro, polas súas características intrínsecas, é un espazo de formación de primeira orde non só para aprender a técnica vocal, senón tamén para reforzar os coñecementos adquiridos noutras materias. Desde este punto de vista, o coro tamén permitirá contribuír a unha viaxe a través de épocas e estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

A propia práctica interpretativa, tal e como esta se decantou definitivamente a partir das innovacións levadas a cabo no período romántico, opera unha distinción fundamental entre os instrumentos, segundo estes puidesen ou non inserirse na estrutura e nas necesidades cotiás dunha orquestra sinfónica. Como regra xeral, pódese afirmar que os instrumentos homofónicos forman parte desta, en canto que son os polifónicos, precisamente pola súa propia condición, os que permanecen á marxe desta, igual que, por motivos ben diferentes, os chamados instrumentos históricos, en desuso xa antes do nacemento da orquestra tal e como hoxe a concibimos.

Se o currículo de ensinanzas profesionais de música acolle a materia de orquestra ou, de ser o caso, de banda ou de conxunto, para o primeiro tipo de instrumentos citados, resulta tamén obrigada a inclusión dunha materia que opere de igual maneira na formación do alumnado. Neste sentido, imponse tamén unha materia que incorpore, por un lado, un matiz de colectividade e, por outro, unha relativización do papel que xoga o intérprete na consecución dos resultados finais.

Dada a autosuficiencia dos instrumentos polifónicos, a práctica coral halles proporcionar aos instrumentistas unha perspectiva nova. Así, o hábito de interpretar varias voces a un tempo pode redundar nunha perda da capacidade para cantar, para dicir coa máxima concentración musical unha única voz. “Para tocar ben cómpre cantar ben”, di un antigo proverbio italiano. O instrumentista, por así dicilo, afástase da polifonía e retorna á orixe, á monodía e á primeira canle expresiva posible: a voz humana. Vaina utilizar con maior naturalidade e flexibilidade que o seu propio instrumento, e vai afrontar a interpretación dunha melodía (ou voz do tecido polifónico) cunha musicalidade e unha intuición cantable con frecuencia entorpecidas pola complexa técnica do seu instrumento.

Xa que logo, cantar converterase nun modelo e nunha vía alternativa de aproximación á música, desligada da lenta e complexa aprendizaxe dunha técnica. Os alumnos/as sentirán como as barreiras que parecían interporse entre os seus corpos e os seus instrumentos desaparecen, e como a música xorde con espontaneidade e de inmediato. É o seu propio corpo quen a produce desde o seu interior, e que, pola súa vez, actúa como executante e como caixa de resonancia. É o corpo quen se transforma en música, experiencia que sen dúbida enriquecerá ao alumnado e modificará substancialmente a perspectiva da súa aproximación ao instrumento.

Por outra banda, igual que sucede coas materias de orquestra, de banda e de conxunto, a actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un *modus operandi* de carácter fortemente individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na cal a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos, que non requiren da participación do intérprete para conseguila), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos para acadar. A actitude de escoita e de adaptación da súa voz á dos seus compañeiros de rexistro, por unha banda, e á suma de todo o conxunto, por outra, redundarán tamén en beneficio da amplitude de miras e do enriquecemento musical do instrumentista.

O coro ha de fomentar, ademais, as relacións humanas entre o alumnado, afeito a unha práctica instrumental individual. Como na execución orquestral, o coro incentivará tanto unha actitude de disciplina como a necesidade de seguir as indicacións da dirección, de xeito que o traballo realizado nos ensaios pode dar os seus froitos no concerto ou na interpretación da versión definitiva dunha obra. A sensación, como integrantes dun corpo colectivo, será tamén moi diferente, xa que o alumnado sentirá a responsabilidade compartida, ao se ver apoiado e, dalgún xeito, protexido polos demais membros cos cal, sen dúbida, xurdirán relacións de compañeirismo e de intercambio.

A historia amósanos como as capelas musicais de catedrais, igrexas e cortes constituíron a mellor escola para formar compositores e instrumentistas ou cantantes. Algúns países da nosa contorna cultural conservaron esta tradición e moitos dos seus músicos máis salientables iniciaron a súa formación deste xeito. A actividade coral permite un achegamento á gran tradición polifónica –particularmente rica no caso do noso país- e, non menos importante, ao riquísimo patrimonio folclórico. Este contraste entre repertorio culto e popular, relixioso e profano, acentúa máis aínda, se cadra, a importancia desta disciplina coral e a necesidade da súa inclusión no currículo das ensinanzas profesionais.

Se ben o alumnado de Coro non emprega o propio instrumento nesta práctica colectiva, desenvolve non obstante a súa voz como instrumento, o que redonda na súa práctica individual coma parte dun grupo e a contribución á afinación e empaste da textura polifónica.

Ademais, coma no caso do alumnado que si cursa a materia de Orquestra, esta práctica colectiva reforza, complementa e consolida os contidos de Música de Cámara e Conxunto, materias estas, que si forman parte do currículo de todas as especialidades.

- Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Orde do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Outros aspectos da aplicación práctica desta programación

Para impartir esta materia distribuirase ao alumnado nun o máis grupos vocais (coros) ao comezo do curso, sempre en función das posibilidades do centro en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos e existencia de repertorio axeitado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para os alumnos/as.

2. METODOLOXÍA

A materia de Coro presenta a particularidade de estar dirixida a grupos vocais formados por alumnado de varias especialidades instrumentais e de cursos diferentes do Grao Profesional, por tanto con diferentes características, estados evolutivos e diferentes niveis. Isto debe terse en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para todos os membros do coro.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

- **Principios de actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (auto-avaliación e co-avaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento.

- **Principios de motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión de carácter motivador, que leve aos alumnos/as a unha situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino–aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, evitaremos as que non o sexan mediante comentarios cos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

- **Principios da aprendizaxe significativa:** segundo a concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

- **Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estrutúrase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e a súa aprendizaxe).

- **Principios de personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta programación didáctica tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación–clase.

Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de

traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).

- **Principios de interacción:** fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno–alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, co-avaliación...), alumno–profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (tutorías).

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. O xeito de abordar a diversidade é a flexibilidade na programación, que adaptaremos ás necesidades do alumnado ou grupo determinado.

A falta de uniformidade no alumnado obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversos tipos:

- De **coñecementos**, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emprego máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.
- De **aptitude**, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de aptitude do alumnado (detectado trala avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- De **actitude**, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor/a poderá propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumno/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira axeitada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- **Educación para a paz.**

- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

- **Educación moral e cívica.**

- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- O respecto pola autonomía dos demais.

- **Educación para a igualdade entre os sexos.**

- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- **Educación para a saúde (postural, auditiva).**
- Proporcionar un contexto axeitado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- **Educación para o consumidor.**
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

- **Educación ambiental**

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursos...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse proponendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música poden tratarse contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia). Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidade, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a produción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, Internet. Como indican diferentes autores, Internet representa un salto cualitativo de grande magnitude, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cinguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirannos para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: YouTube, concertos accesibles na rede, etc.
- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de gravación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, se é o caso, actuacións que poida seguir todo o alumnado.

- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou Google Drive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC faise necesario regularlas, e seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfono móbil, así coma calquera outro dispositivo electrónico comparable dentro das aulas, agás nos casos en que o profesorado o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), excepto **CENTROSNET**, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno/a, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Fomentárase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc., que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo as relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia de coro.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Conxunto, ao que pertence a materia de Coro, ou mesmo polo Centro,

que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos/clase maxistral ao longo do curso. A asistencia a estes cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións da agrupación seguidas de comentarios colectivos do profesorado e alumnado sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos/as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre o profesorado do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos/as nas súas actuacións. O departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais.

Organizadas polo centro:

- Participar en actividades organizadas polo conservatorio, sendo esta unha maneira de dar coñecer o traballo feito nos ensaios ao tempo que se intentará facer gozar ao auditorio.

Organizadas por entidades culturais do concello:


- Sempre que sexa posible, participar en actos socioculturais promovidos por entidades culturais ou o propio Concello. Será este un xeito de mostrar o traballo levado a cabo dentro do centro, ao tempo que serve de experiencia ao alumnado o traballo en distintos escenarios.

6. SECUENCIACIÓN

6.1. OBXECTIVOS (dende 1º a 6º de Grao Profesional)

Tanto os obxectivos coma os contidos e os criterios de avaliación e de cualificación que se enumeran a continuación son comúns a todos os cursos (de 1º GP ata 6º GP) nos que se imparte esta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un deles en función do curso que se aplique.

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- 
- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
 - b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades de timbre e proporcionar á voz capacidade de resistencia.
 - c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
 - d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
 - e) Coñecer a través da práctica coral, tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
 - f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
 - g) Ler á primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
 - h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración.
 - i) Asumir responsabilidades no desenvolvemento das tarefas e actividades do grupo.

6.2. CONTIDOS

1. Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
2. Vocalizacións, entoacións de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
3. Práctica da memoria como elemento guía da interpretación.
4. Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
5. Entoación de intervalos consoantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para reforzar a afinación.
6. Práctica da lectura á vista.
7. Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
8. Adquisición progresiva da seguridade no canto coral.
9. Valoración do silencio como marco da interpretación.
10. Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
11. Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros campos culturais.

7. AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adaptación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso: obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, xa que o alumnado e as

familias terán toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza–aprendizaxe.

O profesorado avaliará ao alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor/a valorará de forma constante o progreso dos alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento.

Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Reproducir en cuarteto ou a correspondente repartición calquera das obras programadas durante o curso. Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección.
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. Este criterio trata de avaliar a capacidade para adaptar todos os elementos da interpretación á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.

3. Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura á vista.
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade. Trátase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos.
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación da forma axeitada co estilo escollido.
6. Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.

7.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Ler fragmentos axeitados ao nivel do curso.
- Amosar un traballo individual e de conxunto en termos de afinación, ritmo e articulación.
- Amosar capacidade de adaptación ao grupo e reacción as indicacións durante a interpretación.
- Interpretar as obras/pezas traballadas no trimestre.
- Interpretar en público as obras/pezas traballadas.
- Interpretar con corrección técnica e estilística apropiada, ademais dun equilibrio sonoro axeitado, o programa establecido polo profesor/a para o curso.

7.3. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada

unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor/a, se fose necesario.

Dada a importancia da observación directa e o seguimento continuo do alumnado, dentro das ferramentas de avaliación, o profesorado terá en conta estes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de proporcionar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: primeiro trimestre **30%**, segundo trimestre **30%** e terceiro trimestre **40%**.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a **5** puntos sobre 10.

7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A. 20%** Capacidade de adaptación dentro da sección: Capacidade de escoita para adaptarse e integrarse na afinación, empaste sonoro, ritmo e articulación dentro da súa sección.
- B. 20%** Capacidade de adaptación ao conxunto de voces: Capacidade de escoita das outras voces para unificar sonoridades. Entoación de acordes a catro voces. Unificación de ataques, articulacións e pronunciacións.

C. 30% Traballo individual: Control técnico básico da voz para interpretar as obras propostas. Estudo semanal, gradual e progresivo do repertorio programado. Lectura a primeira vista.

D. 30% Interpretación do repertorio programado: Control e seguridade durante a interpretación. Reacción e seguimento das indicación do director/a. Precisión rítmica e empaste sonoro durante a interpretación. Capacidade de reacción a posibles correccións.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

7.5 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos titores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame para cada unha das materias do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acada unha nota mínima dun **9** en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

7.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

Para os alumnos/as que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno/a supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos/as que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten unha maior mellora por parte do alumno/a, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS NOS QUE NON SEXA POSIBLE A AVALIACIÓN CONTINUA

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación

continúa pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación.

Quedará a criterio do profesorado determinar se un estudante **non** pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en calquera caso, o número de ausencias do alumno/a debe ser superior ao **50%** das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

1. **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.
2. **Proba de interpretación individual:** Execución da parte correspondente á súa voz, das obras, movementos ou fragmentos programados para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento axeitado ao seu nivel de curso.
3. **Proba de interpretación dentro da agrupación:** Entoar acordes a 4 voces a partir do diapasón. Reproducir as obras programadas durante o curso na agrupación correspondente con e sen indicacións do director/a.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

1. **Proba de coñecementos teóricos:** Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán o coñecemento da

obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación

2. Proba de interpretación individual: Esta parte puntuarase cun **30%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: técnica instrumental; afinación, sonoridade edinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo e criterio estético e estilístico.

3. Proba de interpretación dentro da agrupación: Esta parte puntuarase cun **50%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción as indicacións dos membros do grupo.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

-PROBA EXTRAORDINARIA DE AVALIACIÓN (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que non aproben a materia durante as avaliacións do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

1) Proba de coñecementos teóricos: proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.

2) **Proba de lectura a primeira vista** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

3) **Proba de interpretación:** interpretarase a parte individual correspondente dun repertorio de coro que irá en función do curso e será o seguinte:

- **1º e 2º** Curso do Grao Profesional: Parte individual de 3 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.

- **3º** Curso do Grao Profesional: Parte individual de 4 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.

- **4º** Curso do Grao Profesional: Parte individual de 2 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso; e máis 2 obras a catro voces de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

- **5º** Curso do Grao Profesional: Parte individual de 4 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

- **6º** Curso do Grao Profesional: Parte individual de 5 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, sonoridade, dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e reacción ás indicacións do director/a. O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

O profesorado responsable de impartir a materia de coro facilitará as obras ou fragmentos que se traballarán durante o curso.

Traballaranse ao longo do curso obras polifónicas a 4 voces mixtas con formación SATB ou con 3 voces coa formación SAB, ambas formacións preferentemente co apoio de piano, aínda que por abordar distintas estéticas de distintos períodos será preciso tamén o traballo de repertorio a capella.

As obras polifónicas serán seleccionadas do amplo repertorio de polifonía de todas as épocas e países, facendo dentro do posible un percorrido por períodos históricos diferentes. A selección do repertorio traballado durante o curso dependerá do equilibrio e calidade das voces presentes no grupo e da evolución do propio coro.

9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma continua o grao de cumprimento da programación, así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

O profesorado informará aos alumnos/as e aos seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Ademais, para un bo desenvolvemento das titorías e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a e grupo.

Polo tanto, o seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Dende o Departamento de Conxunto, para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo de Centro.
- Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos indicados e adaptación ao nivel do alumnado.
- Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos.
- Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.
- Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A materia de Coro pertence ao departamento de Conxunto, polo que o profesorado que imparte a materia participará na avaliación deste departamento.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos obtidos tras a avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. A memoria final do Departamento de Conxunto recollerá todos os aspectos ou acordos relevantes ao respecto, e terase en conta para o seguinte curso académico.

Ademais, nas reunións do departamento trátaranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade.

11. PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

Accederase ao 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso de Grao Profesional mediante unha proba realizada polo departamento de canto ou no seu defecto polo profesorado de coro.

A realización da proba de acceso constará de dúas partes:

- a) **Proba de lectura a primeira vista** de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.
- b) **Proba de interpretación:** O alumnado interpretará a parte da voz correspondente as súas características, dunha pequena peza para coro ou movemento dunha obra de coro do repertorio correspondente ao nivel do curso anterior ao que aspira.

- 1º e 2º Curso do Grao Profesional: Parte individual de 3 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.
- 3º Curso do Grao Profesional: Parte individual de 4 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.
- 4º Curso do Grao Profesional: Parte individual de 2 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso; e máis 2 obras a catro voces de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos,

homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

- 5º Curso do Grao Profesional: Parte individual de 4 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.
- 6º Curso do Grao Profesional: Parte individual de 5 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

Contidos

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Os criterios para cualificar esta proba serán os seguintes:

1) Proba de lectura a primeira vista: Lectura correcta e fluída das notas da partitura.

Afinación estable e equilibrada durante la lectura. Exactitude na interpretación do ritmo, tempo, dinámica, e articulación axeitada. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

2) Proba de interpretación: Interpretación correcta das notas, afinación, ritmo e tempo.

Control da sonoridade e das indicación de dinámica e agónica tanto a nivel individual coma dentro da agrupación. Interpretación acorde co estilo propio da época e características axeitadas (articulación, fraseo, vibrato, etc.). O valor desta proba será dun **70%** sobre a nota final

12. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous requisitos seguintes:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de **8**, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades.

13. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

- Rúbrica de avaliación ordinaria.

Criterios	Puntuación								
	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Adaptación dentro da sección 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Adaptación ao conxunto 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Traballo individual 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación do repertorio 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
NOTA									

- Rúbrica para avaliación puntual (no caso que a avaliación continua non sexa posible ou para a ampliación de matrícula).

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Interpretación individual 30%	0	0,8	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación dentro da agrupación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica extraordinaria de avaliación e probas de acceso a calquera curso de grao profesional

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Lectura a 1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica de avaliación para probas de acceso a outros cursos de Grao Profesional

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Lectura a 1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 70%	0	1,4	2,8	3,5	4,2	4,9	5,6	6,3	7
NOTA									

